

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTEG GALEGOS
ANO XXXIX
Nº 1024
De marzo a abril de 2021

Benia quen constrúe
a paz!

Terra de vento e lobos

A foto que fala

Tempo de mudanzas!
[Foto de eldiario.es]



O trasno

Daniel López Muñoz

Frescura

No canto de tanto queixume, o galego, o idioma, precisa frescura, frescura a brincar, como a das sardiñas da ardora. No canto de acedume, a estratexia pasaría, chegado este punto -seica de non retorno, se a cousa vai de guerrear seguido- por comunicar positividade, sabor, privilexio, marabilla, marca de grupo, complicidade, simpatía, futuro. Polo menos dedicarlle tanto tempo a isto, a tecer positividade, como á liorta reivindicativa que, por máis que necesaria, pode chegar a resultar raiante e estéril.

O que faltaba era dar co estilo, co modelo e coas plataformas. Paréceme que a cousa iría polo que Esther Estévez fai no seu “Dígocho eu”. Esther, xornalista de Verín, deu coa fórmula e os lugares que fan posible toda esa frescura e complicidade, toda esa simpatía contaxiosa. Pouca xente nos corrixe -a todos e todas- tanto, e pouca xente sabe corrixe e deixar na persoa corrixida, un sorriso. A mesma Esther -que fai equipo con Carlos Amado e Rocío Pérez- resumía así os seus microvídeos: *É unha aprendizaxe coa que*

non tes por que escachar a rir pero, polo menos, non se che fai pesada.

Os microprogramas do “Dígocho eu”, na Galega, e xaora nas redes sociais, teñen a duración exacta, xeran dopaminas e serotoninas na audiencia e teñen, como moitos profes comprobamos cada día co seu alumnado, unha portentosa eficacia comunicativa entre os máis novos. Algún deles fíxose viral, rebordou o ámbito galego polas redes sociais, como aquel no que explica que “zorra”, en galego, non é o mesmo ca en castelán senón que equivale ao que en inglés se di “sled”; en francés, “traîneau”; en castelán “trineo”; en portugués “trenó”. E que por iso unha

“carreira de zorras” vén sendo un deporte de inverno e non un insulto a ninguén.

A cousa aí queda. Mellorar as estratexias. Demandar máis estas cousas, asociar a lingua propia do país coa serotonina, coas novas plataformas, co futuro e coa complicidade divertida do humor que nos é propio. Como a campaña recente que se fixo desde a Mesa pola Normalización Lingüística, por crear unha canle “xabarín club” na TVG. Para que os nenos e nenas galegas se vexan “expostos” a ese, disque, tremendo perigo que é a lingua galega, falada con normalidade, naturalidade e bo humor.



Lisca que vén o lobo

Neste número facémonos eco de dous movementos de reacción contra senllas actuacións dos poderes públicos en Galicia: a supresión e redución de centros de educación de primaria e infantil e/ou do seu transporte (os casos de Baamonte, Navia, Baralla, O Courel), e a aposta por un modelo de macro-parques eólicos concedidos a grandes empresas -algunha estranxeira, como a estatal norueguesa Statkraft- que non ten en consideración as comunidades locais nin os seus diversos impactos. Poderíamos tamén falar dunha terceira medida recente, ben simbólica, como é a do triunfo do lobo sobre o gandeiro e a labrega: o lobo pasa a ser especie protexida ao norte do río Douro. A xente de aldea, a pequena explotación agraria galega, nunca conseguiu ese nivel de protección.

En todos eses casos estase aceptando un destino fatal: a morte das comunidades rurais galegas. É unha profecía autocumprida:

“como vai pasar si ou si, como xa pasa, para que tratar de imaxinar e planificar un futuro alternativo”.

Así que a mensaxe é: “liscade de aí que é terra para os lobos”, os de toda a vida, ...e os outros, os de dúas patas e un gran capital ao que quitar beneficio.

O curioso é que se quen fai as políticas e toma as decisións tivese conta das súas raíces percibiría outras posibilidades e oportunidades. Na entrevista a Alicia López Pardo ponse de manifesto como se está dando o paradoxo de que nun momento no que hai xente nova con fillos que vive en áreas periurbanas e vilas e que os quere matricular en pequenas escolas rurais -procurando un ensino que achegue algo distinto- encontra todo tipo de dificultades, comezando pola maior: esas escolas estanse pechando ás primeiras de cambio, sen remisión.

Igualmente, polo diario Nós, sabemos que un dos informes presentados á Comisión para a Reactivación da Galiza e denominado: “Resiliencia, Reagrarización e Poscrecemento na Galiza poscovid”, sinalase a conveniencia de recuperar a vocación agraria de Galicia como actividade imprescindible. A produción de alimentos de calidade desde a proximidade é unha estratexia de futuro xa que, como alerta o documento, hai unha crise enerxética “ás portas”, debido ao declive das fontes fósiles de enerxía, nomeadamente o petróleo, do que depende o transporte e mais a agricultura industrializada.

Con permiso dos lobos, igual no futuro hai que rescatar o territorio e restaurar pradeiras e labradíos.

acéptase un destino fatal: a morte das comunidades rurais galegas, unha profecía autocumprida

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

Porque elas cabalgan, eles ladran

Sempre houbo debate filosófico, político, táctico ou estratéxico no seo do feminismo. Debate que resultou determinante no avance do movemento feminista desde o século XIX ata hoxe, porque por riba das súas diferenzas filosóficas, de clase ou de calquera outro tipo, as feministas deron mantido a sororidade básica. Bo exemplo disto foron aquelas comunistas que, nun momento dado e por razóns tácticas, se mostraron remisas ao sufraxio feminino, pero non dubidaron en espetarlle ao mesmo Lenin que “se a revolución non garantía a emancipación da muller, non habería revolución”. Como, ao cabo e en realidade, así foi.

Pois ben, sendo os debates feministas algo habitual, levamos unha tempada constatando que a “rede mediática do sistema”, digámolo así, porfía en leválos ao primeiro plano informativo e, ademais, aplícase a presentalos como síntomas dunha grave fractura no movemento feminista e a utilíalos como elemento de confrontación política ou de ruptura no seo do propio Goberno. Así está a suceder, por exemplo, coa manipulación das lexítimas diferenzas entre as feministas sobre a chamada “Lei Trans”. Ofértaselles suculenta carnaza aos partidos da ultradereita, como Vox, e á ultradereita dos partidos, como a que aínda aniña no PP ou en Cs, tamén ao patriarcado en xeral; faise para desgastar o Goberno e, sobre todo, para tentar dividir e debilitar o movemento feminista.

Este ataque tan artificioso e artificial, tan rabioso, e *stricto sensu*, “sistemático”, tal vez consiga rabuñar e ferir nalgunha medida o movemento

feminista, pero non parece que a reacción patriarcal vaia ter un éxito significativo, coñecidos os avatares que o feminismo logrou superar.

En todo caso, si hai algo revelador nas arremetidas que o movemento feminista soporta, non só aquí e agora, senón de forma ubicua e continua: o recoñecemento implícito e inconfesado, mais evidente para o patriarcado, de que o novo suxeito histórico e político con capacidade realmente transformadora xa non é unha clase social, senón a metade da humanidade: as mulleres coa súa vangarda social e política, que é o movemento feminista. Ningún dos problemas actuais e cardinais que atinxen a humanidade —a supervivencia da especie, a desigualdade ou a violencia política, social e de xénero...— poden superarse sen demoler o sistema patriarcal vixente, que é o interese obxectivo das mulleres e a meta explícita do movemento feminista. Por iso se alporizan.

Porque elas cabalgan, eles ladran.



A vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

Fillos da ansia

En *El huerto de Emerson*, Luis Landero escribe: “Non cobices os froitos alleos. Lémbrete de Emerson e labourea na túa horta sen angustia nin presa. Sobre todo sen presa. Estás enfermo de impaciencia, xa cho dicían de cativo. Non te disperses, concéntrate, embrida o pensamento, non saltes dunha cousa a outra, deixando todo a medio pensar. Non podes ir polo mundo coma se zapeases na televisión”.

Se transformei a rutina nun continuo zapeo televisivo, pode que confundise o meu ánimo co mando da televisión. A COVID mallou na nosa forma de vivir e estanos obrigando a zapear menos, a minorar os politonos e ruralizarnos. Son o paseo, o gusto por cociñar e a conversa familiar os *danos colaterais* da COVID? Será que non é moi humano estar meténdonos centos de quilómetros trasladándonos da ceca á Meca?

A COVID obrígame a repensarme. Obrígame a repensar a miña relación coas miñas necesidades. Que compro e a quen? A todos, como traballadores, nos obriga a repensar a nosa relación co cliente, coa persoa á que servimos, porque todos servimos a alguén. Así mesmo todos nos serven a nós, porque todos están en disposición de axudar a satisfacer as nosas necesidades. Somos produtores e consumidores. Somos humanos relacionándonos e constatando a impotencia das

solucións individuais. A COVID está obrigándonos a repensarnos.

Porque está sendo unha das armas máis efectivas para frear o desfase alcohólico nocturno que nos ía pasar unha futura elevada factura mental e sanitaria.

Porque nos está animando a usar menos o coche e máis os pés. E

cando nos sentamos a conducir un coche...transfigurámonos demasiado para mal. Mellor usalo menos.

Pode que a COVID, que tanto mal está causando, nos estea anticipando e vacinando contra males maiores que se avenciában no futuro.

E involuntariamente nos obrigue a repensarnos en termos humanos, somos dúas pernas, dous pés, dúas mans,... todo un desafío ecolóxico.

somos humanos
constatando a
impotencia das
solucións individuais



O peto do santo Antón

Manuel Regal Ledo



CORESMA POLA VELLA, CORESMA POLA NOVA

Benquerido santo Antón:

Grazas pola túa última carta. Sentímonos persoas afortunadas por podermos manter esta conexión contigo e con ese mundo misterioso, sempre atraente e envolvente, que ti representas. Así o noso presente complexo, enredoso, e para moita xente fatal, recoñecemoslo aberto á esperanza de algo novo, que oxalá poidamos ir verificando xa, sen agardar o que a morte, esa inquietante parteira de vida, nolo amose no seo de Deus.

Por aquí seguimos con cousas vellas e novas. Seguimos coa Coresma, lémbreste dela? Aquilo de xaxuar, rezar, dar esmola, que no teu tempo faciades con tanta paixón e intensidade! Seguimos niso, pero certamente con moitas rebaixas. Xaxuar facémolo pouco. Xente afeitada á abundancia, igual nos privamos de cousas que engordan ou soben o colesterol, pero pouco máis. Non se leva iso entre nós, e mira que hai cousas das que nos viría ben xaxuar! Aquilo do decrecemento para que ninguén careza do necesario. De rezar non somos moito. Igual fomos levando a oración a unhas maneiras tales, que renunciar a ela pareza un paso san. Unha mágoa! Co fermoso que é rezar, abrir o corazón á vida, a un mesmo, aos demais, á natureza toda, ao Espírito de Deus que nos envolve e entrelaza con todo xenerosamente! Non che parece? A esmola vainos algo



máis, sobre todo en formas de colaboración e solidariedade con xente que o precisa. Grazas, Antón, por ese legado que nos deixastes do xaxún, a oración e a solidariedade fortalecéndose entre si, para que en cada época a saibamos actualizar.

E de cousas novas, que queres que che diga? Seguimos co Covid-19. Unha Coresma obrigada, e moito alento nos fará falla para vivila con autenticidade nas súas xustas dimensións. A vacina será o remedio, disque, pero moitas persoas, moitos pobos imos saír baldados disto que estamos vivindo. Ben sabes que hai moito listo, bispos incluídos, que se vacina inxustamente cando non lle toca. Chegarán as vacinas aos países empobrecidos tarde, mal e a rastro, -que vergonza, verdade, o de Israel co pobo palestino!-, moita xente morta fóra de tempo e lugar, moita xente empobrecida, moita economía esfarelada e, iso si, as farmacéuticas forrándose. Pero así che andamos. O dito, en Coresma á forza! E poida que chamados a convertela, a base de realismo, consciencia e implicación, nun estoupido de indignación solidaria, que polos camiños dunha vida popular digna nos leve a unha Pascua como a de Xesús. A ver. Contamos convosco.

Apertas e alentos, que tanto diso necesitamos.

O CARRABOXO UXO por ROBERTO LEIS

O COVID NON DISTINGUE ENTRE RICOS E POBRES
PERO AS VACINAS SI!



O peto común

Josecho de la Torre Culler



EMIA

A importancia de “calcular” en saúde

Sempre escoitamos aquilo de que “o importante é ter saúde,” pero ás veces a saúde só era importante cando faltaba preto dun. Semella que iso mudou. Nunca tanto puxemos a mirada nela, e cos azoutes da pandemia decatámonos da importancia de ter sempre un sistema de calidade. A sanidade recortouse nos últimos anos e, pese aos recortes, o persoal que alí traballa está debullando verdadeiras historias de heroicidade. Se a primeira onda do coronavirus foi dura, non menos está sendo a terceira na UCI da cada un dos hospitais. É de agradecer este labor por parte dos que estades ao pé dos doentes. GRAZAS! Tampouco podemos esquecer que hai outras doenzas que precisan ser atendidas, precísanse consultas presenciais de atención primaria e, sobre todo, precísase que os que gobernan este país, cunha media de idade avanzada, destinen máis á sanidade e á investigación para que a medio prazo non nos vexamos noutra igual ou peor.

Proba da importancia de investir é a recente nova publicada na prestixiosa revista *The Lancet* sobre un proxecto internacional impulsado por Emad Abu-Assi e Sergio Raposeiras, ambos os dous cardiólogos no Álvaro Cunqueiro de Vigo. Eles veñen traballando desde 2015 no desenvolvemento dunha calculadora para estimar o risco de ter unha complicación, sexa reinfarto, hemorraxia por medicación ou falecer tras sufrir un infarto agudo de miocardio. Despois de estudar 18.000 pacientes, construíuse a calculadora e hoxe é nova de interese mundial. Destaca no traballo a aplicación dunha técnica de intelixencia artificial realizada por Fabrizio Dáscenso, un médico novo de Turín. Esta calculadora permitirá saber a prioridade do ni-



vel de asistencia que require cada paciente segundo o grao de risco que presente, así como o modelo de atención que precisa, presencial ou telemática. En definitiva, axudará a ofrecer tratamentos cada vez máis individualizados para minimizar os riscos e mellorar así os resultados de terapias nos enfermos cun infarto de miocardio.

Un pregúntase cantas novas destas teríamos se houberse unha clara aposta neste campo; así mesmo, obsérvase unha tendencia na falta de investimento naquelas cousas que non deixan resultados inmediatos a pesar das garantías futuras, investimento pero tamén educación, cultura... Soñemos que algún día as cousas muden e alguén se empeña en reverter isto.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hai máis ou menos un ano naceu a asociación Acougo (acougo.gal). Trátase dunha asociación de familias acolledoras de Galicia. Pretende acompañar e axudar a todas as familias que abren as súas portas e os seus corazóns a aqueles nenos/as que non teñen familias.

En Galicia hai máis dun milleiro de crianzas vivindo en residencias para menores. Non é o lugar ideal para medrar. O ideal é ter unha familia onde vivir todas as experiencias que tivemos e temos todos no noso fogar. Por iso esta asociación, ao igual que outras institucións e asociacións, tentan que nos concienciemos de que como na casa non se está en ningún sitio e todos temos dereito a ter un fogar.

Agora, co tema da pandemia maldita que vivimos tamén afecta aos menores que están en centros de acollida. Como eles e elas viven en lugares onde residen moitas persoas é fácil que vivan situacións continuas de confinamentos. Moita xente entrando na súa casa e saíndo. Isto está levando a que estes raparigos/as sigan máis dificilmente o curso escolar.

Por iso dende esta asociación están facendo un chamamento para que haxa novas familias acolledoras que se fagan cargo, cando menos mentres dure o coronavirus, destes menores e poidan vivir con certa normalidade esta situación. Todo o noso apoio.



ACOUGO

Asociación galega de familias de acollida

CARTAS MOJADAS,

de Paula Palacios, vén de ser recoñecida cunha medalla CEC á Solidariedade, un recoñecemento que se suma á nominación aos premios Goya na categoría de Mellor película documental. Desde Lesbos ata Libia, a cinta percorre a ruta máis perigosa da migración, a de Libia, e amosa a traxedia que pasan miles de persoas para chegar a Europa, onde os espera o abandono e o desprezo.



Ponse en marcha a segunda fase da campaña **NORMALIZAR OS DEREITOS**. A través dela, varias organizacións do ámbito social denuncian como a “nova normalidade” está a normalizar a violencia estrutural contra as persoas máis vulnerables (cortes de luz, desafuizamentos, labirinto telemático para solicitar axudas...) e moi especialmente contra as persoas inmigrantes, polo que esixen a súa regularización incondicional e permanente.

NORMALIZAR OS DEREITOS

Esixe, propón, actúa, loita!



O debate sobre a **LEI TRANS** recrudeceu logo de presentarse o seu borrador a comezos de febreiro. O texto contou coa participación activa da Asociación Arelas (entrevista no núm. 1021) e de Miguel Vieito, xurista e colaborador con diferentes asociacións de persoas trans (entrevista no núm. 986). A controversia xira, entre outras cousas, no dereito á autodeterminación de xénero, algo que, lonxe de ser unha novidade, xa se recoñece en nove países europeos, segundo a asociación Transgender Europe.



O CPI O Cruce de Cerceda é, durante este curso, **ESCOLA EMBAIXADORA DA UNIÓN EUROPEA**, unha distinción que comparten con outros cinco centros galegos. Queren aproveitar para poñer en marcha unha iniciativa popular para que as linguas cooficiais do Estado sexan recoñecidas como linguas oficiais da Unión Europea. Pódese asinar a súa petición na web change.org.

As **CABANIÑAS DO BOSQUE** de Outes suman un novo galardón, neste caso o Premio Nacional de Arquitectura 2020, outorgado polo Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España. Un recoñecemento merecido para un aloxamento singular, diferente, que se sitúa na contorna privilexiada da ría de Muros e Noia e que fixo da sustentabilidade a base do seu proxecto.



O PAZO DE MEIRÁS dá unha volta máis ao anunciar a avogacía do Estado que renuncia a recurrir a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, que rexeita que os herdeiros do ditador sexan posuídores a “mala fe” e confirma o seu dereito a recibir unha indemnización polos gastos contraídos desde 1975. O BNG denunciou o tufo franquista da decisión e esíxelle á Xunta que presente recurso.



A Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas impulsa a campaña **NON MÁIS MATILDAS** para amosar referentes femininas nas carreiras STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas, nas súas siglas en inglés). A iniciativa ten por obxectivo recuperar historias de mulleres científicas que ao longo da historia ficaron no anonimato ou ocultadas polos méritos atribuídos aos seus compañeiros homes.



Un accidente nun taller de confección clandestino custoulle a vida en Tánxer a 25 traballadores, a meirande parte mulleres. As subcontratas a talleres ilegais ten tal dimensión que se calcula que o 54 % da produción téxtil que se realiza en **MARROCOS** se fai de maneira clandestina en talleres que non respectan normas de seguridade mínimas e con soldos mensuais de 250 euros por 25 horas de traballos semanais, tal e como vén de denunciar a ONG Roupa limpa.



Alicia López Pardo, a Rede do Rural e a loita contra a supresión de escolas e servizos



Alicia Lopez Pardo na USC

Convidados por Alicia López Pardo, Irimia adhúrese á Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (rededorural.org). Coincide coa mobilización no Courel, Baamonde, Navia e Baralla contra a supresión de centros de educación primaria e infantil e o empeoramento do transporte. Alicia leva anos en enredos coma este, sempre con Galicia na mente, con ferrados de corazón. Mestra de verdade, motívanos desde a súa traxectoria, desde as loitas na transición política contra a supresión das escolas unitarias da montaña, desde a Nova Escola Galega, ou desde o seu exercicio docente en Ponte Carreira (Frades) e Vixoi (Bergondo). Con ela conversamos.

Isto que está a pasar, apurarse a suprimir escolas e servizos de proximidade... é a mellor receita para revitalizar o campo galego?

Isto vén de vello. Dende os anos setenta, cos movementos sociais e de renovación pedagóxica, propoñendo alternativas fronte ás políticas deturpadoras do medio rural... aqueles plans de escolarización, concibidos dende Madrid e desatinados para a realidade galega, as grandes concentracións escolares, os traslados abusivos de rapazas e rapaces, os peches inxustificados de escolas...

Agora hai novos paradoxos: Por unha banda abraia ver o activismo das familias a prol dun rural habitable e digno, cos servizos básicos. Mobilízanse dun xeito admirable e espontáneo, coas ANPAS e a veciñanza, con apoio mutuo e boa organización, chegando ao Parlamento Galego. E velaí o tes, pequenas comunidades rurais, pero activas a tope, cun rotundo compromiso, acadan presenza e logran un grande apoio da sociedade galega especialmente a través das redes sociais.

Ademais estase a producir un movemento social de valoración do rural, máis acusado a partir da pandemia, na procura de calidade de vida: parellas novas que demandan vivendas na

aldea para contar cun mellor modelo de escola para as súas crianzas; unha escola con recursos como a inserción na natureza, a integración na contorna social, galegitude, pouca masificación, proximidade, relación familiar e mesmo pedagogías avanzadas... cousas que raramente se dan nos colexios grandes ou de perfil urbano. Isto provocou que algunhas das escolas ameazadas de peche recibiran demanda de praza, un aumento de matrícula, a oportunidade de manterse vivas.

na pandemia estase a revalorizar o rural, na procura de calidade de vida

Ou sexa, que agora que podería verse un futuro para certas escolas non se aproveita ese cambio de tendencia, senón que se porfía no de sempre...

Pois si. Sabemos de casos nos que, dándose esas circunstancias, non se facilitou a matrícula de alumnado que, vivindo na vila, pretendía trasladarse a determinadas escolas en risco de seren pechadas por escasa matrícula.



Pasa iso, aínda que non sexa maioritaria a tendencia, xente nova ben formada, ilusionada, portadora da semente e da utopía necesaria, que amosan unha convencida opción polo rural.

Soños truncados e escolas pechadas pola negativa dunha administración que mantén o seu antigo esquema de recortar pechando unidades nos pequenos centros do rural e todo tipo de servizos básicos. Non reaccionan nin ante oportunidades de recuperación de poboación, seguen o seu paso sen poñer os pés na terra, na comodidade de esquemas ríxidos e miopes. Non perciben a necesidade de poñer en marcha novas medidas provisionais para esta ocasión tan propicia. Non hai un verdadeiro plan de atracción demográfica, nin se dan facilidades á xente que pretende instalarse na aldea.

Pois non paran de falar de plans para que a xente nova a que se “ruralice”

Non sei como. As medidas da Administración educativa e as do goberno autonómico no seu conxunto, oriéntanse a manter as máximas dificultades sen a mínima flexibilidade. É unha visión economicista a curto prazo; contribúen directamente a que as aldeas queden desertas de xente e a mercé dos intereses das multinacionais.

Esa valente decisión de familias coa opción de asentar nunha aldea que conserve a escola tiña que ser unha clara referencia para enfocar as políticas de desenvolvemento rural. Pero no canto de aproveitar este tirón, o que se fai é poñer atrancos. Coma tantas

vezes, o sol vainos pasar pola porta e, de non actuar sen demora, perderemos o tren doutra excelente oportunidade.

E hai máis paradoxos, como é o do feito discriminatorio na suposta elección de centros; mentres nas cidades e nas vilas se proclama o dereito a elección de centros privados e concertados, no rural nin sequera se fomenta o traslado de alumnado de zonas urbanas, de

hai decisións que contribúen a desertizar as aldeas, que quedan a mercé das multinacionais

familias que opten por un modelo de escola en ámbito aldeán.

E o gran paradoxo é ese que dis: fachendosos programas electorais dos que gobernan na Xunta de Galicia, inzados de demagogia cando se refiren ao rural galego. Segundo o seu discurso tiña que ser o momento clave para eses tan coreados e nebulosos fondos europeos destinados ao desenvolvemento rural, empregados en disparatados “proxectos pantalla” arbitrados sen o mínimo consenso. Dispendios que non abordan as situacións de emerxencia coas necesarias medidas de recuperación. Cando se tiña que favorecer o asentamento de xente nova no rural, esa xuventude inqueda, dotada de potencial emprendedor e con alento crítico, que parece que non interesa ao sistema, seguirá portando o seu talento polos camiños da emigración nos que Galicia leva tanta rodaxe.

Como nace e para que nace esta Rede Galega do Rural?

Xorde como natural reacción de colectivos comprometidos coa situación de desfeita xeral que o mundo rural sofre. Nace da necesidade de reaccionarmos fronte a feitos coma os aquí referidos de Begonte e a montaña de Lugo. É o resultado da evolución dunha organización chamada Mesa Galega de Educación no Rural, activa durante máis de vinte anos, promovida por movementos de renovación pedagóxica e sindical



Defensa do servizo de transporte no Courel

Ferrados de corazón

Alicia López Pardo, a Rede do Rural e a loita contra a supresión de escolas e servizos



Cos irmáns Peleteiro, Manolo e Bieito, este último recentemente falecido

tos e que á súa vez procede da rodaxe nas loitas sostidas durante décadas fronte ás políticas aplicadas no ámbito da educación no rural. É nesta Mesa onde xorde a reivindicación dun Plan de Educación Específico para o Rural, no seu momento presentado ao Parlamento Galego e á Consellería de Educación (quen nunca o tivo en conta).

Cooperación en rede, horizontal.

Quen está enredado? Cal é o tipo de entidade ou iniciativa?

Esta rede é un tecido que abrangue o mapa galego e conecta grupos de desenvolvemento zonal. Mediante un funcionamento asembleario a Rede do Rural quere asegurar un punto de encontro e de cohesión, no que converxan diversos sectores a través da adhesión de colectivos e persoas. Vincula a sectores produtivos, de servizos, culturais... nun enfoque de desenvolvemento conxunto e global, así coma as forzas de tanta xente inqueda pola desfeita e que está disposta a crear un tecido dinamizador do país. Concíbese coma tear no que, cun urdido de fíos galegos, se poidan zurcir moitos rotos e tecer novos panos interconectados. Unha ferramenta de alcance, para detectar e conxuntar iniciativas empen-

dedoras, por veces microscópicas, que agroman por todo o rural.

A Rede do Rural tamén aposta polas demandas e denuncias, coas oportunas propostas, ante os axentes responsables, reclamando unha nova estratexia integral de desenvolvemento do país por parte da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese a crear un grupo de acción interdisciplinar de análise

foi un enorme apoio dar con aquelas pequenas comunidades de monxas inspiradas na teoloxía da liberación

e procura de alternativas para afrontar o deterioro do rural. E tamén a dignificar, revalorizar e dinamizar a lingua e a cultura popular.

Na túa traxectoria, na montaña, en Ponte Carreira, coincides nos teus "enredos" con aquelas pequenas comunidades de relixiosas tan benqueridas por Irimia (as da Compañía en Hospital e as doroteas de Galegos). Que lembranzas tes delas?

Requiriría un capítulo á parte falar destas mulleres especiais, que tanto significaron na miña vida. Na miña estrea de mestra, sendo unha rapaciña

descoñecedora da montaña, foi un enorme apoio bater con persoas tan integradas e dándoo todo dende aquelas pequenas comunidades de monxas inspiradas na teoloxía da liberación, cunha boa formación e un avanzado humanismo. Durante unha época aínda de represión latente ou activa, o seu compromiso alentou e acompañou o dun grupo senlleiro que formamos as coñecidas por "as mestras da montaña", ao que tamén se sumou o apoio dalgúns cregos da mesma onda. Baixo o paraugas daquelas comunidades foron adiante loitas históricas na defensa dos dereitos da xente do rural,... Plans de escolarización, servizos sanitarios e outros básicos, medios de comunicación... Alí remóntanse tamén os primeiros pasos do Preescolar na Casa.

Algo semellante atopei no meu destino de Ponte Carreira-Frades coas prezadas doroteas do Pazo de Galegos. Apoio, agarimo e reconforto humano nos momentos máis difíciles de situación insólitas, con batallas que causaron riscos persoais e mesmo acoso.

Nesta comunidade de ambiente segrar, xunto ás amigas monxas, varias delas significadas mestras, tiven unha casa sempre aberta, acollida cunha familiaridade a man chea. Alí xermolaron proxectos referenciais para este país, tecidos con fonda amizade nun grupo de xente amplo e plural. Amizade que floreceu con persoas que deixaron fonda pegada no país e na miña vida. Como os irmáns Peleteiro -Manolo, Carlos e Bieito-, cos que, dende o común empeño da defensa do rural, puxemos en marcha a revista *Que Quede Quen o Conte*. Inmensa é a miña gratitude e o meu recoñecemento.

Desde as redes de apoio a un rural habitable está habendo unha forte reacción contra a instalación de macroparques eólicos como os de Barxa, Rebordechao, Trevinca, etc... Un modelo de sabor colonial no que aparece agora a empresa norueguesa Statkraft.



Vento haino...

E abondo. Contamos en Galicia cuns corredores de aire de gran rendemento. Temos o recurso e lugares onde aproveitalo. Urxe producirmos enerxía limpa. Avante toda. Os números falan: 180 parques, 3788 Mw de potencia instalada; no ano 2019, o 33% do total da enerxía producida en Galicia e un 16% do total da enerxía eólica producida en España, creación de 7.022 postos de traballo directos e indirectos... Abraiante?

Non se pode negar a oportunidade da enerxía eólica na loita contra o cambio climático e coma motor económico. Mais, coma en moitas outras iniciativas, son moitos os camiños posibles. Non sempre é mellor o máis curto, rápido e rendible a curto prazo.

E industrias de enclave

Xa desde tempos de Fraga se escolle coma modelo o de grandes parques, asumibles só por grandes empresas. Decláranse bens de interese público, e así esquíbase a resistencia dos propietarios dos montes (persoas ou comunidades). Procúrase a menor participación veciñal posible. Elabóranse informes de impacto ambiental de corta e pega: nun deles afirmábase que a imaxe dos muíños nos cumes engadiría un “plus” ao interese turístico de Galicia; outro advertía da protección necesaria para os “cervos” no Barban-

za. Resultado? Un modelo de negocio alleo ao medio no que se asenta e que escasamente contribúe á súa mellora. Non negamos a achega ás arcas da Xunta, do Estado, das empresas, e mesmo a xeración de postos de traballo, pero non no lugar. In situ, nin cartos, nin traballo. Outra industria de enclave, de extracción, nun rural ao que se lle nega outra oportunidade.

E portas xiratorias

Por outra banda a présa na planificación, o territorio en cuadrículas como de explotación mineira, levounos a parques eólicos mal planificados e construídos. Vinte e tres destacados científicos alertaban na revista *Science* de danos irreversibles na biodiversidade. Unha biodiversidade que cómpre compatibilizar coa produción: o seu descoido trae ruína e gasto futuro. Cumpriría botar man do saber técnico e científico, independente das promotoras. E batemos cos feitos: a dúbida sobre a necesaria independencia entre os xestores do ben común e os xestores do negocio. Feitos como que Beatriz Mato, conselleira de Medio Ambiente con Feijoo no 2017, outorgou á empresa Greenalia autorización para o funcionamento dunha central de biomasa (Curtis) sen Avaliación de Impacto Ambiental por non considerala necesaria. Hoxe, Beatriz Mato pertence á directiva de Greenalia.

Entre 1995 e 2005 autorizáronse parques con capacidade para 4.557 Mw. Só se instalaron muíños para 2.500. Algúns dos beneficiarios das concesións non construíron parques. Simplemente revenderon a concesión obtida. Nesa brincadeira de revenda circularon máis de 1.200 millóns pura e simplemente especulativos. Non damos co modelo, nin cunha administración interesada en levalo adiante. Un modelo inclusivo das comunidades, respectuoso co ambiente, transparente na xestión.

Outra industria de enclave nun rural ao que se lle nega outra oportunidade

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Grazas, Giussepino (*In memoriam*)



Nos primeiros días de febreiro faleceu O rubio, Xosé Antonio González García, un dos grandes biblistas que tivemos a fortuna de ler durante uns anos na “Boa Nova” da revista (asinaba como JAGG). Deixa un gran oco nos estudos teolóxicos do noso país. Hai uns días, alumnos seus de Biblia achegáranse ao Seminario de Lugo, onde residía desde hai uns anos, para felicitalle, cantando, o seu aniversario. El saíu á fiestra da súa habitación e o seu saúdo soaba a despedida. Como lle dicía hai quince días a unha amiga: “Estoy jodido, pero contento”. Amoréansenos os nomes de imprescindibles que se foron indo, Pepe Chao, Bernardo García Cendán, Xosé Alvilares... Non seguimos porque entristecemos e sorprendémonos por ter a sorte de telos coñecido e falado con eles. Son persoas que, por todo o que nos achegaron, merecen un continuo agarimo lembrador. Mero, gran amigo de Xosé Antonio, escribira hai un tempo este texto que estaba pendente de saír na revista. Sirva como homenaxe ao noso JAGG.

Giussepino é Xosé Antonio González, o Rubio. Chamabámoslle así porque estivo moito tempo en Italia e para lembrar aquelas atmosferas de outrora que lle cubrían a testa cun cabelo louro moi destacable. Amigo desde hai moitos, moitos anos. Maior ca min, aínda que non moito, pero con máis cabeza e moi ben amoblada, con máis sentidiño para considerar a vida desde a razón e o entendemento. Menos atolado ca min, vamos! Era rubio, que hoxe é branco xa por razóns do tempo que, ao final, sempre pasa e pesa. É tranquilo, aparentemente, e tamén alto. Tranquilo mentes non se lle acende a vea irascible que todos temos.

Na súa lembranza sempre estarán aquelas cancións italianas, aprendidas en Ribadeo, que el nos traducía e ensinaba, “*Erano i giorni dell’arcobaleno, finito il inverno tornava il sereno*”... Ai, aquel Nicola di Bari que quedou para a banda sonora dos veráns de hai moitos anos e aínda se coa nas melancolías que repasan saloucos da xuventude. Por iso vén a nosa amizade de lonxe, de moi lonxe. Daquel Colexio do Santísimo Sacramento en Lugo, cando na distancia do anos, habitaban alí moitas mozas, e estaba Mato, a Bibi —monxa especialmente guapa— e moitas outras monxas máis, todas elas boas en exceso connosco, que viñamos sendo moi argalleiros. Tamén había moitas mozas que nos viron ensaiar aos nacentes Fuxan os Ventos e que foron amigas para toda a vida, Mariña, Eva, María, Cruz e tantas outras. A Casa Diocesa-

**Elegante, ben
posto e arrichado,
valente, fumador
empedernido de
Aguila**

na na que vivían os curas máis vellos ou que facían labor noutros eidos sen parroquia, lugar de ensaio e reunións furtivas na mocidade que espertaba rebelde no medio de tanta represión. Nós iamos moito por alí, ensaiabamos e mesmo cantabamos, nos primeiros tempos, as misas da radio. Xosé Antón ía elegante, ben posto e arrichado, valente, fumador empedernido de Águila, aquel tabaco negro, raro, con filtro!

Eramos amigos e compañeiros de moitos soños. El viña de Castroverde e de vez en cando ía a Casadenaia, preto de Antas e Monterroso, onde un tío seu, cura tamén, facía merendolas e dábanos a oportunidade dun grato encontro con moitos risos, mentres cantabamos e faciamos festa cos veciños. Aínda lembro aos irmáns de Giuseppino, tan distintos a el no carácter e na planificación vital; tamén aos seus pais, todo bondades. Pertencen todos eles a este meu cadro surrealista que hoxe miro, a tempo pasado, e que se me fai pouco menos que imposible. Claro, daquela non había medios nin posibilidades para moito máis. Case había que subornar a imaxinación para ter dereito aos soños.

Acumulamos encontros en lugares que non se podían predicir, na neve das montañas de Pedrafita, ao raso da area nos areais da Mariña de Lugo,

nos xantares con latas de conserva, nas partidas de billar, nos perigos dos cantís de calquera praia do Cantábrico, nos sobresaltados campamentos de Maxisterio, nos carretes de fotos dalgunha máquina humilde, nos tabacos compartidos, nos cafés e na música das noites, na lealdade silandeira dunha amizade que se foi sedimentando xunto con outras e outros amigos, mesmo na dor da perda de seres queridos, na resignación e na bondade do humor pícaro e dos chistes verdes, nos ollos de verdade que sempre amosou connosco, nas innumerables

E teño, aínda hoxe, nel a confianza absoluta de que de non telo coñecido, a miña vida sería moito máis triste.

anécdotas que trazan a vida e, en realidade, fan a vida. Recordos. Agasallos. Cantas veces foi a lúa a que alumou as noites que compartimos, correndo a sabernos vivos en calquera parte do mundo, contándonos aventuras. Aínda lembro cando me quixo ensinar árabe, materia que escollera cando empecei Filoloxía, e quixo convencerme que aquela escrita era así, do revés, que os libros viñan de atrás para adiante... Eu resistíame a crer que fomos tan complicados para levar cara a diante a nosa negada visión das cousas.

Xosé Antón deu clases toda a vida no Seminario de Lugo e no de Compostela. Viaxaba moito e paraba a ver os amigos. Tamén fumaba cantidades de néboas e aventuras. Viaxaba lonxe, ía a Xerusalén –foi moitos anos seguidos– e a “terras santas” para reparar as linguas semíticas que tanto lle facían reloucar e volver á orixe do seu credo. Mesmo levaba excursionistas que tiñan a ansia de coñecer aqueles lugares. Preparaba moitísimo as clases, con todo detalle, e falaba de alá lonxe dos misterios da vida que a todos nos preocupan. Eu só o coñecín como amigo e compañeiro de andainas, bo amigo, fiel compañeiro. E teño, aínda hoxe, nel a confianza absoluta de que de non telo coñecido, a miña vida sería moito máis triste. Polo tanto, grazas Giuseppino!

O Novo Testamento con Carme Bernabé



Como ler hoxe
o Novo Testamento

Conversa con
Carmen Bernabé

Coloquios na encrucillada

Cada día vemos como están mudando e adaptándose ás medidas impostas os xeitos que temos de relacionarnos entre nós. Deste modo, xorden novas propostas para novos tempos, como é o caso da actividade dos Coloquios na Encrucillada. Mantendo o espírito dos Foros de Encrucillada, a través da plataforma Zoom convidóusenos a un espazo de diálogo aberto entre a teoloxía e a cultura galega.

A dinámica destes consistiu en facer un traballo previo en grupo sobre algún dos tres textos de tres persoas (Marta García Fernández, Carmen Ubieta Bernabé e Andrés Torres Queiruga) e, recollendo as cuestións que xurdiran nese traballo, comentalo abertamente con elas. O tema destes artigos é a Biblia hoxe, e obsérvase poñendo o foco no Antigo Testamento, no Novo Testamento e na hermenéutica. Para esta ocasión, fixaremos a atención no artigo “Como debemos ler hoxe o Novo Testamento?”, de Carmen Bernabé.

Con poucas palabras, o traballo de reflexión que fixemos o pasado 22 de xaneiro constou de tres partes. En primeiro lugar, vemos que estamos ante un artigo de rigor académico (serio a nivel metodolóxico), que deixa ver a vocación e facilidade pedagóxica da autora. Accesiblemente, perfila un enfoque novidoso para achegarse á lectura do Novo Testamento (NT) e da Biblia, se o xuntamos cos dous traballos que o acompañan. En segundo lugar, é reseñable a máxima de que, se ben é preciso ter unha serie de coñecementos previos que operen como base, neste artigo incítasenos a facer o traballo de esexese ao afrontar literalmente o contido do NT, motivando así o labor hermenéutico, co fin de traelo á nosa realidade. E aínda máis, a pro-

pia autora sitúanos nun espectro, advertindo o perigo de facer unha achega extremadamente intelectual que empane a nosa experiencia espiritual, así como o de caer nunha revisión simplista e baleira de contido.

En terceiro e último lugar, o camiño de ida e volta que refire Bernabé ao longo do artigo asumímolo como unha unha viaxe persoal onde a clave do entendemento reside na experiencia de revelación individual, pero, fundamentalmente, como un traballo colectivo. Tan só a través da comunidade que establece diálogo e mesmo debates vivos é posible acadar a reinterpretación que precisamos.

Ao descubrir esta necesaria democratización da hermenéutica, non temos límites á hora de incluír perspectivas (como ben di a autora). Ademais, gozamos dunha tradición con moito arraigo na nosa historia e presente hoxe. Esta simultaneidade nace da esencia do artigo: amosar como no Novo Testamento reside o sentido orixinario e orixinante da mensaxe teolóxica de Xesús (da Boa Nova). Revélase como unha forza que non é finita nin ríxida. Este sentido é a chave que nos propón Carmen Bernabé para ler o Novo Testamento hoxe.

A autora advértenos do perigo de facer unha achega extremadamente intelectual que empane a nosa experiencia espiritual

Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

IRMA

Pola ruta arousá de Valle Inclán



Museo Valle-Inclán na Pobra

O Valle da Pobra e a Pobra de Valle

Pasado Padrón, seguimos pola beira sur da península do Barbanza ata a Pobra do Caramiñal. Nas aforas, na Ribeiriña, está un dos enclaves vinculados ao escritor, o Pazo da Mercé, do que só queda algún brasón heráldico.

No centro da vila, que é froito da unión da Pobra do Deán (núcleo fidalgo vinculado á Sé compostelá) coa aldea mariñeira e rural do Caramiñal (da planta caramiñá ou caramiñeira), atopamos o Museo de Valle Inclán, fundado en 1981 e instalado na Torre de Bermúdez, un notable edificio de traza e decoración renacentista ligado á familia e ás vivencias persoais do escritor e que xa foi declarado Monumento (hoxe BIC) en 1976. Creado para homenaxear a Valle Inclán, este museo é hoxe tamén un centro cultural de xestión municipal e conserva e

Propoñemos desta vez un denso programa, de un ou dous días, segundo queiramos, percorrendo lugares vinculados á primeira etapa vital de Ramón del Valle Inclán, que naceu o 28 de outubro de 1866 en Vilanova de Arousa (ou nun barco no medio da ría, como din outros) e morreu en Santiago o 5 de xaneiro de 1936.

exhibe diversos materiais testemuños da vida e da creación literaria deste autor xa universal, así como do seu contexto intelectual e cultural. Garda primeiras edicións de libros impresos no tempo do autor, así como unha fotobiografía súa no ámbito da literatura vila de Viana del Prior, trasunto da real Pobra do Deán, manuscritos, documentos e algúns obxectos de belas artes e artes menores.

A vila da Pobra ten máis que ver: a igrexa de Santiago, de preciosa ábsida gótica e que contén imaxes sacras de valía, ou os diversos pazos urbanos ou rural-urbanos, xa que esta é terra vinculada a diversas liñaxes ben coñecidas: a Casa Grande de Aguiar e dos Romai e Díaz de Rábago, o Pazo do Couto dos Valderrama, as Torres dos Xunqueiras e dos Gasset...

Se imos con tempo (e bo), podemos subir ata o Monte da Curotiña, de es-

pléndidas vistas e onde está tamén o monumental busto de Valle Inclán que aquí se colocou na súa memoria.

Vilanova de Arousa: o berce valleinclanesco

Bordearemos a ría pasando por Padrón e Pontecesures cara ao seguinte punto valleinclanesco, Vilanova de Arousa. Pese ao seu nome, tamén esta vila ten unha vella historia, plasmada no seu barrio mariñeiro e, así mesmo, na traza e nas construcións, populares e fidalgas, do seu pequeno conxunto histórico.

Nel atópase o Pazo ou Casa do Cuadrante, onde se sitúa o nacemento de Ramón José Simón del Valle Peña, que logo se daría a coñecer na literatura como Ramón M^a del Valle Inclán. Polas súas ventás e de mozo, o escritor vía o Xardín Umbrío, escoitaba historias populares, sagradas unhas e tremebundas outras, que lle contaba a vella



Museo Valle-Inclán en Vilanova de Arousa

Un país coma un mundo

Pola ruta arouzá de Valle Inclán



Torre de san Sadurniño en Cambados

‘La Galana’. Esta casa-museo, rodeada dun agradable contorno axardinado, mostra na planta baixa -as antigas cortes do pazo- unha exposición permanente con variada documentación sobre a vida e obra do autor, mentres na planta superior recreáse a vivenda coas súas distintas estancias e onde se pode ver parte da película ‘La malcasada’, na que aparece o propio Valle Inclán.

A maiores deste lugar, un paseo polo casco vello de Vilanova, ademais de senllas estatuas de Valle e o seu Marqués de Bradomín, descóbrenos a casa dos irmáns Camba -Francisco e Julio-, e outros sitios de interese; logo podemos achegarnos a outro lugar ligado á vida xuvenil de don Ramón, o Pazo da

Rúa Nova, reflectido nalgunha das súas obras.

Cambados, lugar ilustre e de ilustres

Iremos tamén a Cambados, que nos trae á memoria nomes doutros galegos ilustres como o escritor Ramón Cabanillas, o escultor Francisco Asorey ou o artista Carlos Maside e onde o antigo Pazo dos Bazán (da liñaxe de dona Emilia) se converteu en Parador de Turismo rodeado de amplos xardíns. Ademais do núcleo da espléndida praza de Fefiñáns, co seu monumental Pazo e a singular igrexa de San Bieito, podemos ver outras construcións interesantes na zona do Casal dos Pazos, camiño do senlleiro cemiterio que se instalou na antiga igrexa gótico-renacentista de Sta. Mariña Dozo.

Desde aquí baixamos ata o Pazo de Sto. Tomé, barroco do s. XVIII, e ver incluso os restos, ben lanzais pese ao seu estado de ruína, da Torre de S. Sadurniño, un dos sitios históricos da estratexia defensiva do Salnés e da Arousa, xunto coas torres da Lanzada, as de Lobeira (Vilagarcía) e as do Oeste (Catoira).

E se aínda temos tempo e vagar, moi preto e na estrada a Vilagarcía, veremos a monumental presenza do Pazo e a igrexa románica de S. Martiño de Sobrán.



Fachada da igrexa de Sobrán

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuñía, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Bea Cedrón e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

A Boa Nova das mulleres

Marisa de Corme



Chega o mes de marzo, e o día 7 diante das catedrais de moitas cidades españolas, haberá concentracións e celebracións da *Revolta de Mulleres na Igrexa* baixo o lema “ata que a igualdade sexa costume”. En Galicia tamén.

É por isto que esta Boa Nova tráenos un feixe de mulleres portadoras de xustiza e igualdade. Achegádevos a elas sen prexuízos, e deixádevos levar polas súas vidas e as súas loitas.

María de Magdala, (s. I), primeira testemuña e protagonista indiscutible dos relatos de Resurrección, fonte da autoridade apostólica, base firme sobre a que se ergue a comunidade dos que cren que Xesús é o Señor, argumento da autoridade e igualdade das mulleres.

Macrina (324-379), mestra de teólogos e iniciadora da monástica feminina na Capadocia. A súa fondura e espiritualidade deixou pegada nos seus irmáns, Basilio de Cesarea e Gregorio de Nisa. É por Gregorio que coñecemos a experiencia vital de Macrina.

Exeria (s. IV), peregrina a Terra Santa e recolle por escrito as súas investigacións nun *Itinerario* dedicado a un grupo de mulleres que a animan e alentan, e coas que preparou a viaxe antes de partir. Por Exeria sabemos do culto na Gallaecia a Tomé, Tegra ou Eufemia, de como se organiza a monástica en Oriente ou como eran as celebracións nas primeiras igrexas de Xerusalén.

Hildegarda de Bingen (1098-1179), abadesa bieita nas beiras do Rin, doutora da Igrexa. Muller sabia que deixou tratados de medicina, botánica, filosofía, teoloxía, cantidade de pezas musicais,.... Hildegarda séntese investida dunha misión profética que a leva a predicar a conversión e a reforma dos costumes polas aldeas. As súas visións místicas, moi corpóreas, influirán na mística posterior.

Margarita Porete (1250-1310), beguina de escritos místicos soberbios, queimada na fogueira por herexe en París. A súa obra *O espello das almas Simples e aniquiladas*, é obra indispensable da mística medieval. Por dúas veces a Inquisición quixo facer desaparecer este libro, que pervive na clandestinidade.

Sor Xoana Inés da Cruz (1648-1695), mística e poeta mexicana, aguda pensadora, de mente rápida e pluma áxil, que nos deixa poemas que son auténticos alegatos contra a demonización das mulleres.

M. Antonia Pereira de Andrade (Cuntis 1700-Santiago 1760), a monxa do penedo, escritora e mística, eremita en Cuntis e fundadora do Convento do Carme de Compostela.

Elisabeth Cady Stanton (1815-1902), muller sufraxista que forma un grupo de estudo que atopa na Biblia argumentos a prol da igualdade e os dereitos das mulleres. Publicaron a *Biblia das mulleres*, (1895 e 1898), o inicio da actual teoloxía feminista.

Edith Stein (1891-1942), primeira muller doutora en filosofía, relegada da cátedra polo feito de ser muller. Descubre a Tareixa de Xesús e nela atopa o cerne da súa existencia: abandona a universidade e profesa como carmelita dedicándose á teoloxía.

Simone Weil (1909-1943), filósofa compañeira de Simone de Beauvoir na Sorbona. Abandona a universidade polo mundo obreiro deixando escritos filosóficos, políticos e místicos de grande radicalidade e contundencia.

....ata que a igualdade sexa costume!!

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Botando a vista atrás...

Seica nunca choveu que non escampara... E vennos á cabeza este afortunado dito da nosa tradición oral porque boa falta nos facía que escampase... Xa lle tiñamos medo a aquilo de “Vaite 2020!” e non nos enganabamos... O ano 21 xa ten malas nespras..., dixo Delia cando só ían alá pouco máis de 8 días del... En fin, *ata sete, tira Pepe, e de sete para riba, Pepe, tira...*

Pois si, a Delia, que conta un ben de Deus de anos, deulle unha “aforesía”, como definiu ela, que así seica era como dicían antes os vellos cando lles daba unha volta. E fomos ao dicionario buscar a palabra e non a atopamos; demos con ela en portugués, que aí si está recollida con ese significado, pero como pasou con outras moitas- en galego vaise perder cando falten os falantes que aínda as conservan.

Pois desde que lle deu esa aforesía, non ten máis ca gana de se **anivelar**... Así mesmo o di! Almorza e di que se quere anivelar, xanta e anivelarse quere e despois de cear, daquela si que lle presta ben anivelarse! Así seica era como dicía o seu “abuelito” da Fonte! Botádelle a conta! Este home naceu a

mediados do século XIX! Mirade ben de onde vén o de se anivelar... E canto segue a prestar...

E tamén se lle foi algo a gana de comer... Ás veces, cando non lle vai máis, pide un **caroliño** de pan para botar no leite, “Ese si que o comía...” E dámoslle o caroliño de pan, e tamén lle presta. Olo, que o caroliño non é un anaco de pan calquera, que nolo explicou ela, é un anaco pequeno e duro de pan, do que sobrou da véspera, ou tamén pode ser un anaco de pan con codia, duro.

Agora dálle máis traballo moverse, entón botámoslle unha man, e cando quere que lle levantemos as pernas dinos: “Oi, raio, levanta os **cambeiros** para alá! Así era como dicía mamá...”, e recuperamos a avoíña Telós, dos primeiros anos do século XX...

E axudámoslle a espirse e, xa chea de

que lle sacamos tanta roupa, espetounos: “Arre demo, cantos **atafales**...”


E volvemos ao dicionario e desta vez si estaban os *carolos* e os *cambeiros* e mais os **atafales* (no estándar tería que ser “atafais”) e hai que ver que lote de significados teñen! Habemos volver sobre eles.

Estamos servidas con esta muller a producir deste xeito!



O fachineiro dos contos

O rei avarento



O ano pasado a *Revista Nós*, obra dun grupo de persoas cambiou a Historia de Galicia, estivo de centenario. Algúns puidemos ver a exposición que conmemoraba o evento no museo Gaiás pero que a pandemia se encargou de deslustrar. O caso é que neste mes de marzo tamén se fan xusto cen anos da publicación do primeiro conto infantil da literatura galega. As Irmandades da Fala da Coruña, conscientes da necesidade deste tipo de literatura en galego, encargáronlle a Vicente Risco uns contos para nenos. Dos tres que escribiu, a Irmandade só publicou *O rei avarento* (os outros tiveron que agardar máis de 80 anos), unha narración breve con feitura de conto popular que nos achega ás aventuras dun rapaz que naceu con moi boa estrela e que vai caneando as maldades do rei avarento. Claro que ben podemos dicir que “rei avarento” é unha tautoloxía. Ou un pleonasma. Porque para non ser avarento quizabes non se poida ser rei. O monarca do conto de Vicente Risco non cobraba comisións de países con petróleo, pero perdeuse por querer ficar coas onzas de ouro e de prata. Sexa como for, o centenario resulta unha boa ocasión para ler este contiño e outros máis que a editorial Galaxia publicou nun volume titulado *Antoloxía escolar da época nós*.